



DECRETO

Asunto: Concesión de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte, ano 2023. ENTIDADES DEPORTIVAS E FÚTBOL.
Nº expediente.- 2023/EGFAB/000099, 2023/EGFAB/000100
BDNS (Identif.): 695242

Antecedentes

I.- Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023002343, de 08/05/2023, aprobouse a convocatoria para concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2023.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 97, de 24/05/2023, por medio da BDNS, abrindo o prazo para a presentación de solicitudes.

Presentaron solicitudes as seguintes **entidades**:

Entidades deportivas:

- AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE
- CLUB ACUATIC OLEIROS
- CLUB BALONMANO ATLÁNTICO
- CLUB DE REGATAS DE PERILLO
- CLUB DE TENIS DE LA CORUÑA
- CLUB HOCKEY OLEIROS
- CLUB MERA, F.S.
- CLUB TENIS DE MESA BREOGAN OLEIROS
- ESCOLA XIMNASIA ACORDES
- SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA
- CLUB BALONCESTO OLEIROS
- CLUB DEPORTIVO PADDLE DE MERA
- CLUB NATACIÓN OLEIROS
- CLUB SOLBOWLING OLEIROS
- CLUBE CICLISTA FILLOS DO SEIXO

Clubs de fútbol:

- A.D. CRISTO REY
- CLUB DEPORTIVO OBRERO
- CLUB DE FÚTBOL SANTA CRUZ
- HÉRCULES, S.D.C.
- MARINO, C.F.
- MERCURIO, S.D.
- UNIÓN CAMPESTRE, F.C.
- CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO

Fundamentos

1º.- As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias emendables foron requiridas para corrixilas, sendo todas debidamente emendadas, agás as seguintes:





- ✓ CLUB ACUATIC OLEIROS, non respostou axeitadamente ao requirimento, xa que non aportou o documento emitido pola federación onde conste o número de licenzas en vigor que ten o club en cada categoría.
- ✓ CLUB NATACIÓN OLEIROS, non respostou ao requirimento de emenda da solicitude dentro do prazo outorgado para elo.

Polo cal, de acordo co disposto no apartado 4.4. da convocatoria, debe considerárselles desistidas do procedemento.

2º.- O artigo 3 da Convocatoria dispón o seguinte:

“3.1 Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases: as ANPAS dos Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros, as asociacións de nais e pais das escolas artísticas municipais (EMMO e CEMAE), así como as entidades deportivas, veciñais, culturais, xuvenís e outras entidades sen ánimo de lucro, que cumplan os seguintes requisitos:

- a) *Estar legalmente constituídas.*
- b) *Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2022.*
- c) *Ter un número mínimo de trinta e cinco socios, agás as entidades cuxa única finalidade sexa a organización das festas patronais.*
- d) *Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.*
- e) *Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
- f) *Ter domicilio social en Oleiros.*
- g) *Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.*
- h) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.*
- i) *O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.*

3.2 *A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos g) e h) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto.”*

3º.- O día 15 de novembro reuniuse a Comisión de Valoración para avaliar as solicitudes das entidades deportivas, e o 17 de novembro para as dos clubs de fútbol.

Por ambos órganos foi comprobado que todas elas cumpren cos requisitos establecidos no parágrafo 1.1. do artigo 3 da convocatoria, que son os seguintes:

- ✓ Todas elas están legalmente constituídas e figuran inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2022, desenvolvendo as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- ✓ Todas declaran ter un número de socios igual ou superior a trinta e cinco, e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- ✓ Todas están ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- ✓ Non consta a este órgano que teñan pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.





- ✓ Todas declaran que o persoal ao que corresponde a realización de actividades cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

4º.- O artigo 15.4.B. da convocatoria establece o seguinte en relación coas entidades que se adiquen á práctica do fútbol:

“I. As contías a conceder terán un importe fixo para cada categoría en función da liga na que compitan. Os límites por categoría son os seguintes:

- × FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª e 2ª): 2.200,00 euros.
- × FEMENINA (demais categorías): 650,00 euros.
- × SENIOR 1ª GALICIA : 2.200 euros.
- × SENIOR 2ª GALICIA : 1.800,00 euros.
- × SENIOR 3ª GALICIA : 1.600,00 euros.
- × XUVENIL: 650,00 euros.
- × CADETE: 550,00 euros.
- × INFANTIL: 550,00 euros.
- × ALEVÍN: 550,00 euros.
- × BENXAMÍN: 550,00 euros.
- × PREBENXAMÍN: 550,00 euros.

(...)

Dado que o ano natural abrangue parte de dúas temporadas, os importes sinalados ratearanse por 10 meses, de xeito que a contía da subvención calcularase en función das categorías nas que se compita entre xaneiro-xuño e setembro-décembro.

Nas tres últimas categorías só se concederá o importe correspondente a un segundo equipo cando a entidade acredite que ten federados como mínimo 24 deportistas na categoría.”

II. Utilización do galego.- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite. Este uso deberá acreditarse xunto coa solicitude. En caso de non resultar debidamente probado, efectuaráselles unha rebaixa na concesión de ata o 10 por cento do importe que lles correspondería segundo as categorías que posúan (en función do grao de utilización acreditado). “

5º.- Despois das comprobacións sinaladas foron avaliadas as solicitudes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria.

Polo que respeita aos clubs de fútbol, aos importes adxudicados en función das categorías aplicóuselles, de ser o caso, en función do grao de utilización do galego, unha rebaixa na concesión de ata o 10 %.

6º.- En data 23/11/2023 foi emitido informe favorable pola Intervención Municipal.

Á vista do actuado, e resultando que corresponde á Alcaldía a concesión das subvencións, de acordo co previsto nas Bases reguladoras,





RESOLVO:

Primeiro.- Considerar desistidas da súa solicitude ás seguintes entidades:

- ✓ CLUB ACUATIC OLEIROS, por non presentar documento emitido pola federación onde conste o número de licenzas en vigor que ten o club en cada categoría, documentación esixida no artigo 4.2. letra j) da convocatoria e que lle foi requirido ao club o 01/09/2023.
- ✓ CLUB NATACIÓN OLEIROS, por non responder ao requirimento do 01/09/2023, no que lle pedía emendar a súa solicitude e aportar documentación esixida no artigo 4.2. da convocatoria.

Segundo.- Dispoñer o gasto e conceder ás entidades DEPORTIVAS que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan,:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
G15160773	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	Equipos Federados de Triatlón.	4.935,86 €
G70524301	CLUB BALONMANO ATLÁNTICO	Práctica e difusión do balonmán.	5.214,68 €
G15064181	CLUB DE REGATAS DE PERILLO	Adestramentos e competición anual en categorías base e absoluta.	6.307,80 €
G15055288	CLUB DE TENIS DE LA CORUÑA	Competición de tenis.	4.743,15 €
G70449889	CLUB HOCKEY OLEIROS	Licencias e fichas deportivas, arbitaxes, viaxe a competición (bus e aloxamento), material deportivo non inventariable.	6.187,25 €
G15758006	CLUB MERA, F.S.	Fútbol sala	1.604,83 €
G15771942	CLUB TENIS DE MESA BREOGAN OLEIROS	Tenis de mesa: Participación en ligas, escola iniciación e avanzado.	2.725,00 €
G15898414	ESCOLA XIMNASIA ACORDES	Deporte base: escolas de ximnasia rítmica e estética.	5.879,74 €
G15503618	SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA	Patinaxe de velocidade.	5.401,65 €
G15802010	CLUB BALONCESTO OLEIROS	Práctica do baloncesto federado.	1.266,15 €
G70579958	CLUB DEPORTIVO PADDLE MERA	Inscricións en probas internacionais, nacionais e autonómicas. Desprazamentos, combustibles e aloxamentos.	2.951,35 €
G70527429	SOLBOWLING OLEIROS	Inscricións en competicións, Liga galega e nacional. Licencias Club e socios. Material deportivo.	2.314,99 €
G72655582	CLUBE CICLISTA FILLOS DO SEIXO	Licencias federativas Federación Galega de Ciclismo.	1.614,00 €
TOTAL			51.146,45 €





Terceiro.- Dispoñer o gasto e conceder aos CLUBS DE FÚTBOL que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
G15137326	A.D.CRISTO REY	XANEIRO-XUÑO: FEMENINA (demais categorías), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, INFANTIL, ALEVIN (2 equipos), BENXAMIN. SETEMBRO-DECEMBRO: FEMENINA (demais categorías) (2 equipos), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, INFANTIL (2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMIN.	5.658,80 €
G15226012	CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	XANEIRO-XUÑO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, CADETE (2 equipos), INFANTIL, BENXAMIN (2 equipos). SETEMBRO-DECEMBRO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª) (2 equipos), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, CADETE, INFANTIL, ALEVIN, BENXAMIN.	6.300,00 €
G15380082	CLUB DE FUTBOL SANTA CRUZ	XANEIRO-XUÑO: FEMENINA (demais categorías), SENIOR 2ª GALICIA, XUVENIL, CADETE (2 equipos), INFANTIL (2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN (2 equipos). SETEMBRO-DECEMBRO: FEMENINA (demais categorías), SENIOR 2ª GALICIA, XUVENIL, CADETE (2 equipos), INFANTIL (2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN (2 equipos).	7.000,00 €
G15280357	HÉRCULES S.D.	XANEIRO-XUÑO: SENIOR 3ª GALICIA. SETEMBRO-DECEMBRO: SENIOR 3ª GALICIA.	1.520,00 €
G15254592	MARINO DE MERA C.F.	XANEIRO-XUÑO: SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, CADETE, INFANTIL, ALEVÍN, BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN. SETEMBRO-DECEMBRO: SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL, CADETE, INFANTIL, ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN.	5.770,00 €
G15432164	MERCURIO DE IÑÁS S.D.	XANEIRO-XUÑO: SENIOR 3ª GALICIA. SETEMBRO-DECEMBRO: SENIOR 3ª GALICIA.	1.600,00 €
G15326119	UNIÓN CAMPESTRE F.C.	XANEIRO-XUÑO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª), FEMENINA (demais categorías), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL(2 equipos), INFANTIL (2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN, PREBENXAMÍN. SETEMBRO-DECEMBRO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª), SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL (2 equipos), CADETE, INFANTIL(2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN, PREBENXAMÍN (2 equipos).	6.790,00 €





G15262058	CLUB ATLETICO SAN PEDRO	<p>XANEIRO-XUÑO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª), FEMENINA (demais categorías), SENIOR 2ª GALICIA, SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL (2 equipos), CADETE (2 equipos), INFANTIL (2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN.</p> <p>SETEMBRO-DECEMBRO: FEMENINA (LIGA GALEGA 1ª E 2ª), FEMENINA (demais categorías), SENIOR 2ª GALICIA, SENIOR 3ª GALICIA, XUVENIL (2 equipos), CADETE (2 equipos), INFANTIL(2 equipos), ALEVÍN (2 equipos), BENXAMÍN (2 equipos), PREBENXAMÍN (2 equipos).</p>	7.000,00 €
TOTAL FÚTBOL			41.638,80€

Terceiro.- Liberar o saldo restante nas fases contables previas (RC e A).

Cuarto.- Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

Quinto.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e a Secretaria accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

